

**VI. ANUNCIOS****A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS**

*ANUNCIO do 16 de outubro de 2018 para facer pública a resolución pola que se resolve o expediente de información pública do Plan de seguridade viaria de Galicia 2016-2020: MSV no contorno de TCA na estrada PO-403, punto quilométrico 8+600 a 10+200, de clave PO/17/151.06.*

Con data 16 de outubro de 2018, a dirección da Axencia Galega de Infraestruturas, por delegación da Conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Orde do 4 de febreiro de 2013, *Diario Oficial de Galicia* do 20 de febreiro), visto o informe da análise das alegacións, resolveu o seguinte:

Antecedentes de feito.

Primeiro. Con data do 30 de xaneiro de 2018 publicouse no *Diario Oficial de Galicia* (núm. 21) o Anuncio do 10 de xaneiro de 2018 polo que se somete ao trámite de información pública a separata para información pública do proxecto de construción: Plan de seguridade viaria de Galicia 2016-2020: MSV no contorno de TCA na estrada PO-403, p.q. 8+600 a 10+200, de clave PO/17/151.06, así como a relación individual de bens, dereitos e propietarios afectados polo proxecto referenciado.

Segundo. Durante todo o trámite de información pública presentáronse alegacións, certificados e informes, procedendo á súa valoración.

Fundamentos de dereito.

Primeiro. De acordo co establecido no artigo 21 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, o mencionado proxecto de construción someteuse ao trámite de información pública, durante un período de trinta días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*.

Segundo. Que simultaneamente ao trámite sinalado no parágrafo anterior, e para os efectos previstos no artigo 56.1 do Regulamento de expropiación forzosa, someteuse a información pública a relación individual de bens, dereitos e propietarios afectados pola realización da obra correspondente.



De acordo con todo o exposto, e tras os certificados, alegacións e informes presentados polos organismos oficiais competentes,

ACORDO:

Primeiro. Resolver o expediente de información pública: Plan de seguridade viaria de Galicia 2016-2020: MSV no contorno de TCA na estrada PO-403, p.q. 8+600 a 10+200, de clave PO/17/151.06.

Dado que a maior parte dos alegantes ten solicitado a execución de beirarrúas para completar un itinerario peonil continuo polas dúas marxes da estrada no treito obxecto da actuación, atenderase a solicitude para mellorar a seguridade dos peóns. Isto require a realización de expropiacións adicionais, polo que se redactará un proxecto construtivo cunha nova proposta.

Terceiro. Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, contado desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co establecido nos artigos 10, 14 e 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa ou ben recurso potestativo de reposición ante a conselleira de Infraestruturas e Mobilidade no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación da presente resolución no DOG, de acordo co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O que se fai público para xeral coñecemento.

Santiago de Compostela, 16 de outubro de 2018

Francisco Menéndez Iglesias  
Director da Axencia Galega de Infraestruturas

